


Herbert Marcuse (alemán, 1898-1979)

Xudeu alemán perseguido polos nazis e exiliado nos Estados Unidos. Crítica con virulencia a sociedade de consumo, culpable de alienar ás clases modestas e medias, xa que permite a supervivencia do capitalismo.

Nas zonas tecnicamente avanzadas da civilización, a conquista da natureza é practicamente total e un maior número de necesidades dun maior número de xentes son satisfeitas máis que nunca. Nin a mecanización, nin a regularización da vida, nin o empobrecemento mental, nin a crecente destrutividade do progreso actual dan suficiente motivo para dubidar do «principio» que gobernou o progreso da civilización occidental. O **aumento continuo da produtividade** fai cada vez máis realista a promesa dunha vida aínda mellor para todos.

Non obstante, **a intensificación do progreso parece estar ligada coa intensificación da falta de liberdade**. Ao longo de todo o mundo da civilización industrial a dominación do home polo home está a aumentar en dimensión e eficacia. E esta ameaza non aparece como unha transitoria regresión incidental no camiño do progreso. Os campos de concentración, a exterminación en masa, as guerras mundiais e as bombas atómicas non son unha «recaída na barbarie», senón a utilización irreprimida dos logros da ciencia moderna, a técnica e a dominación. E a máis efectiva subxugación e destrución do home polo home desenvólvese no cumio da civilización, cando os logros materiais e intelectuais da humanidade parecen permitir a creación dun mundo verdadeiramente libre.

Sen dúbida, a racionalidade da ciencia pura está libre de valores e non estipula ningún fin práctico, é «neutral» a calquera valores estraños que poidan impoñerse sobre ela. Pero esta neutralidade é un carácter positivo. A racionalidade científica require unha organización social específica precisamente porque proxecta meras formas (ou mera materia: neste terreo, os termos doutro xeito opostos, converxen) que poden levarse a fins prácticos. A formulación e a funcionalización son, antes que toda aplicación, «a



Charles Chaplin
en *Tempos modernos*

forma pura» dunha práctica social concreta. Mentres a ciencia liberaba os fins naturais dos inherentes e despoixaba a materia de todas as calidades que non sexan cuantificables, a sociedade liberaba os homes da xerarquía «natural» da dependencia persoal e relacionábaos entre si de acordo con **calidades cuantificables**; ou sexa, como unidades de tempo. «Grazas á racionalización das formas de traballo, a eliminación das calidades é transferida do universo da ciencia ao da experiencia diaria.»

Entre os **dous procesos de cuantificación científica e social**, hai paralelismo e causación, ou a súa conexión é simplemente obra dunha constatación sociolóxica tardía? A discusión anterior propuxo que a nova racionalidade científica era en si mesma, na súa mesma abstracción e pureza, operacional en tanto que se desenvolvía baixo un horizonte instrumentalista. A observación e o experimento, a organización metodolóxica dos datos, as proposicións e conclusións nunca se realizan nun espazo sen estruturar, neutral, teórico. O proxecto de coñecemento implica operacións con obxectos ou abstraccións de obxectos que existen nun universo dado do discurso e da acción. A ciencia observa, calcula e teoriza dende unha posición nese universo. As estrelas que observaba Galileo eran as mesmas na antigüidade clásica, pero o diferente universo de discurso e de acción —nunha palabra, a diferente realidade social— abriu a nova dirección e amplitude da observación e as posibilidades de ordenar os datos observados. Non estou a tratar aquí a relación histórica entre a racionalidade científica e a social nos comezos da época moderna. O meu propósito é demostrar o carácter interno **instrumentalista** desta racionalidade científica grazas ao cal é unha tecnoloxía a priori, e o a priori dunha tecnoloxía específica; isto é, unha **tecnoloxía como forma de control social e de dominación**.

O pensamento científico moderno, en tanto que é puro, non proxecta metas prácticas particulares nin formas particulares de dominación. Non obstante, non existe tal cousa como a dominación *per se*. Conforme a teoría procede, abstráese de ou rexeita, un contexto fáctico ideolóxico: o do universo dado e concreto do discurso e a acción. É dentro deste universo onde o proxecto científico se realiza ou non se realiza, onde a teoría concibe ou non concibe as alternativas posibles, onde as súas hipóteses subverten

ou difunden a realidade preestablecida.

Os principios da ciencia moderna foron estruturados a priori de modo que poden servir como instrumentos conceptuais para un universo de control produtivo autoexpansivo; o operacionalismo teórico chegou a corresponder co operacionalismo práctico. O método científico que leva á dominación cada vez máis efectiva da natureza chega a prover así os conceptos puros tanto como os instrumentos para a **dominación cada vez máis efectiva do home** polo home a través da dominación da natureza. A razón teórica, permanecendo pura e neutral, entra ao servizo da razón práctica. A unión resulta benéfica para ambas as dúas. Hoxe, a dominación perpetúase e difúndese non só por medio da tecnoloxía senón como tecnoloxía, e a última aporta a gran lexitimación do poder político en expansión, que absorbe as esferas da cultura.

Neste universo, a tecnoloxía tamén aporta a gran racionalización para a falta de liberdade do home e demostra a **imposibilidade «técnica» de ser autónomo**, de determinar a propia vida. Porque esta falta de liberdade non aparece nin como irracional nin como política, senón máis ben como unha submisión ao aparato técnico que aumenta as comodidades da vida e aumenta a produtividade do traballo. A racionalidade tecnolóxica protexe así, antes que nega, a **lexitimidade da dominación e o horizonte instrumentalista** da razón ábrese a unha sociedade racionalmente totalitaria:

Poderíase chamar filosofía autocrática das técnicas a aquela que toma o conxunto técnico como un lugar no que as máquinas son usadas para alcanzar o poder. A máquina é só un medio; o fin é a conquista da natureza, a domesticación das forzas naturais mediante un primeiro avasalamiento: **a máquina é un escravo que serve para facer outros escravos**. Pero é difícil liberarse transferindo a escravitude a outros seres, homes, animais ou máquinas; reinar sobre unha poboación de máquinas que someten a todo o mundo é aínda reinar, e todo reino implica a aceptación de esquemas de servidume. [Gilbert Simondon, *Du Mode d'existence des objets techniques*]

A incesante dinámica do progreso técnico chegou a estar impregnada de contido político, e o *Logos* das técnicas foi convertido nun *Logos* de continua servidume. A forza liberadora da tecnoloxía —a instrumentalización das cousas— convértese nun encadeamento da liberación; a instrumentalización do home.

Herbert Marcuse, *Eros y civilización*, páxs. 17-18; *El hombre unidimensional*, páxs. 184-187.

Actividades

1. Lea o texto con atención e subliñe as expresións máis importantes.
2. Relacione cada concepto coa súa definición:

Racionalidade	<i>Redución das propiedades das cousas a operacións</i>
Cuantificación	<i>Aplicacións prácticas dos ciencias</i>
Operacionalismo	<i>Capacidade humana de razoar e pensar</i>
Tecnoloxía	<i>Redución das cousas a cantidade medibles</i>
3. Sinala a correcta das tres alternativas posibles:
 - a) Cal foi, segundo Marcuse, o principio que gobernou a civilización occidental?
 - o aumento continuo do benestar
 - o aumento continuo da produtividade
 - o aumento continuo da violencia
 - b) Para Herbert Marcuse as notas características das sociedade industrial avanzada son:
 - a diminución do progreso e o aumento da liberdade
 - a intensificación do progreso e o aumento da liberdade
 - a intensificación do progreso e a falta de liberdade
 - c) Marcuse identifica acontecementos como as guerras mundiais, bombas atómicas, etc., coa:
 - utilización irreprimida dos logros da ciencia
 - utilización transitorio dos logros da ciencia
 - utilización neutral dos logros da ciencia
 - d) A máis efectiva destrución do home, desenvólvese, segundo Marcuse:
 - ao inicio da civilización
 - no cume da civilización
 - nos albores da civilización
 - e) Que relación hai entre a cuantificación científica e social?
 - ningunha
 - paralelismo
 - incidental
 - f) A racionalidade científica, segundo a tese de Marcuse, deu lugar a unha tecnoloxía caracterizada como forma:
 - de liberación
 - de control social
 - despreague neutral
 - g) O método científico aporta os conceptos necesarios para a dominación:
 - do home
 - da natureza
 - ambos
 - h) A tecnoloxía demostra a imposibilidade de ser:
 - heterónimo
 - autónomo
 - todo é posible
 - i) A máquina, segundo Marcuse, é un escravo que serve para:
 - liberarse
 - facer escravos
 - progresar
4. Cal é a relación paradoxal que Marcuse observa entre progreso e liberdade na civilización occidental? (liñas 7-30).
5. Que relación ve Marcuse entre cuantificación científica e social? (liñas 47-68).
6. Resume os efectos da aplicación do método científico á vida humana en sociedade. (liñas 78-90).
7. Sinala as consecuencias da racionalidade tecnolóxica. (liñas 91-114).